



CONCURSO DE BANDAS “CENTOLO ROCK”

BASES

1. PARTICIPANTES

- 1.1 O concurso está dirixido a bandas ou grupos musicais que non teñan ningún disco gravado. Polo menos un integrante da banda deberá ser maior de 18 anos.
- 1.2 Non se aceptarán solistas se non veñen acompañados de músicos e non se acepta acompañamento musical que non sexa en directo.
- 1.3 Non poderán participar no concurso aqueles grupos que posúan na actualidade un contrato discográfico en vigor cunha compañía, selo ou axencia discográfica profesional.
- 1.4 Quedará eliminado do concurso calquera grupo que non acepte as presentes bases.

2. INSCRICIÓN

- 2.1 A inscrición para o concurso realizarase remitindo o formulario adxunto por correo electrónico a alcaldia@concellodogrove.es antes do 2 de decembro de 2015. Debe achegarse unha gravación dalgunha das pezas propostas.
- 2.2 A organización resérvase o dereito de selección dos grupos atendendo a criterios técnicos.

3. DESENVOLVEMENTO

- 3.1 Os grupos e bandas participantes deberán facilitarlle con antelación o *rider* técnico á organización.
- 3.2 Os grupos e bandas deberán estar no lugar de desenvolvemento do concurso ás 14.00 horas do día 4 de decembro cos instrumentos musicais que vaian empregar.
- 3.3 A orde de participación será establecida previamente, así como a previsión de montaxe que limite os tempos de descanso entre un grupo e outro.
- 3.4 Cada grupo interpretará un máximo de **tres** temas musicais, podendo interpretar menos se a organización o marca ou a propia banda o acorda previamente.



4. XURADO

4.1 O xurado estará composto pola organización e/ou por persoas especialistas no sector musical.

4.2 O xurado emitirá o seu ditame logo de remataren todas as actuacións do día 4 de decembro.

5. PREMIOS

O grupo gañador do concurso recibirá un diploma e 300 euros.

6. LICENZA DE OBRAS

Os participantes no concurso responderán persoalmente da lexítima titularidade dos dereitos das músicas interpretadas, garantíndoo pola simple participación neste concurso. A organización do concurso poderá usar os vídeos, imaxes e músicas presentadas, así como as gravacións dos concertos en directo, para a divulgación do evento e os seus participantes en calquera dos medios que considere oportuno. Así mesmo, a participación no concurso implica a concesión da autorización á organización para incluír as súas fotografías en programas e materiais de difusión.

7. ORGANIZACIÓN

A organización resérvase a facultade de interpretación e resolución, de xeito inapelable, de calquera circunstancia non prevista nestas bases. O incumprimento das obrigas que se impoñen nestas bases poderá ser motivo de revogación dos beneficios desta convocatoria.

O Grove, 12 de novembro de 2015

Jose A. Cacabelos Rico
Alcalde do Ilmo. Concello do Grove

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CONCURSO DE
BANDAS "CENTOLO ROCK"**



A presentación desta solicitude supón a aceptación das correspondentes bases

DATOS DA PERSOA DE CONTACTO			
APELIDOS		NOME	
DATA DE NACEMENTO		DNI	
DOMICILIO		TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO			
NOME DO RESTO DE COMPOÑENTES DA BANDA OU GRUPO			
INDICAR OS TRES TEMAS QUE SE VAN INTERPRETAR NO CONCURSO (Título e autoría)			
DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE			
• Fotocopia de DNI da persoa de contacto. • Gravación de, polo menos, un tema (CD, pendrive..., ou indicar enlace de consulta en internet). • Fotografía da banda ou grupo.			

O Grove, ____ de novembro de 2015

Asinado: _____

Presentar no Rexistro do edificio administrativo do Concello do Grove ou remitir por correo electrónico a alcaldia@concellodogrove.es